

Este proxecto técnico foi aprobado na reunión do Pleno do Consello Galego de Estatística do día 27 de novembro de 2015

24-106 Afiliacións a Seguridade Social por concello de residencia do afiliado

PROXECTO TÉCNICO

Meta de información

2.4.1 Caracterización do mercado laboral.

Normativa e organización

O artigo 1 do Real decreto 693/2010, do 20 de maio, polo que se modifica o Real decreto 1314/1984, do 20 de xuño, polo que se regula a estrutura e competencias da Tesourería Xeral da Seguridade Social, atribúe a este organismo a competencia relativa a inscrición de empresas e a afiliación, altas e baixas dos traballadores.

A normativa que regula a inscrición e afiliacións de traballadores ao sistema da Seguridade Social é a seguinte:

- Real decreto 84/1996, do 26 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento xeral sobre inscrición de empresas e afiliación, altas, baixas e variacións de datos de traballadores na Seguridade Social.
- Orde do 3 de novembro de 1970, sobre requisitos a cumprir no réxime especial da Seguridade Social dos traballadores do mar.

En abril de 2011, o Instituto Galego de Estatística (IGE) firmou un convenio de colaboración en materia estatística coa Tesourería Xeral da Seguridade Social e co Instituto Social da Mariña polo cal recibirá trimestralmente a seguinte información extraída do Ficheiro xeral de afiliación:

- ficheiro de afiliacións en alta laboral
- ficheiro de contas de cotización en alta ou baixa producida nos tres meses

Por outra banda, en virtude do Acordo marco sobre cooperación estatística e intercambio de información entre o Instituto Nacional de Estadística (INE) e o Instituto Galego de Estatística, firmado o 30 de xaneiro de 2002, o INE remite periodicamente unha copia do Padrón continuo. Desde o ano 2013 (inclusive), o INE envía semestralmente ao IGE os ficheiros de microdatos con data de referencia o día 1 de xaneiro e 1 de xullo de cada ano. Para os anos anteriores a 2013 só se dispón dos ficheiros correspondentes ao primeiro día de cada ano.

Unidades estatísticas

Afiliación á Seguridade Social en alta laboral. A afiliación é obrigatoria para todas as persoas incluídas no campo de aplicación da Seguridade Social e única para toda a vida do traballador e para todo o sistema, sen prexuízo das baixas, altas e demais variacións que se poidan producir con posterioridade. É dicir, o traballador afíliase cando comeza a súa vida laboral (alta inicial) e se dá de alta nalgún dos réximes do Sistema da Seguridade Social. No caso de que cese a súa actividade será dado de baixa pero seguirá afiliado en situación de baixa laboral. Se retoma a actividade producirase unha alta denominada alta sucesiva a efectos estatísticos pero non terá que afiliarse de novo.

No ficheiro de afiliacións que remite a Tesourería figuran os traballadores en alta na data de extracción do ficheiro. Inclúense os traballadores por conta allea adscritos a unha conta de cotización da Comunidade Autónoma de Galicia e traballadores por conta propia cuxo domicilio radica en Galicia (con unidade de xestión na comunidade autónoma). No momento da extracción do ficheiro o traballador debe figurar en situación de alta nalgún dos seguintes réximes (ver descrición da variable *regimen* do anexo 1): 0111, 0112, 0113, 0114, 0115, 0121, 0131, 0132, 0133, 0134, 0135, 0136, 0137, 0140 (só convenios 33 e 34), 0521, 0611, 0613, 0811, 0812, 0813, 0814, 0821, 0822, 0823, 0825, 0911, 1211 e 1221.

Non se inclúen as persoas en alta en:

- Código de conta de cotización convencional. Persoas sen traballo (por conta propia allea ou asimilado á conta allea) nin asimiladas á alta que reciben a prestación de asistencia sanitaria en España.
- Réximes rematados en 40 (excepto convenios 33 e 34 de coidado de dependentes).
- Réximes 1911 (seguro escolar) e 3011 (asistencia sanitaria concertada).
- Códigos de conta de cotización con tipo de relación laboral (ver descrición da variable *tr1* do anexo 2) en: 75x, 3xx, 905, 906, 909, 912, 936, 970, 971, 972, 983, 984, 985.

O número de afiliacións non se corresponde necesariamente co de traballadores senón co de situacións que xeran obriga de cotizar. É dicir, unha mesma persoa contabilízase tantas veces como situacións de cotizacións teña, xa sexa porque ten varias actividades laborais nun mesmo réxime ou en varios.

Conta de cotización. A Tesourería Xeral da Seguridade Social asigna aos empresarios e outros suxeitos responsables do pagamento de cotas ao Sistema da Seguridade Social o código da conta de cotización. Cada empresa pode ter un ou varios códigos pero só hai un principal e os demais (secundarios) están vinculados ao principal. Unha mesma empresa debe ter polo menos unha conta de cotización por cada provincia onde teña actividade, réxime (ou sistema especial dentro do réxime) onde se encadren os seus empregados e tipo de relación

laboral¹ ao que correspondan ditos empregados. Os códigos de conta de cotización non identifican necesariamente aos centros de traballo.

No ficheiro de contas de cotización figuran as contas de cotización en situación de alta (con ou sen traballadores) ou en baixa producida nos tres meses en todos os réximes do sistema da Seguridade Social. Os díxitos que identifican a provincia no código da conta de cotización debe ser algún dos seguintes: 15 (A Coruña), 27 (Lugo), 32 (Ourense), 36 (Pontevedra) ou 56 (código que identifica a dirección provincial de Vilagarcía de Arousa do Instituto Social da Mariña). Inclúense os seguintes réximes (ver descrición da variable `reg_ccot` do anexo 2) : 0111, 0112, 0113, 0114, 0115, 0121, 0131, 0132, 0133, 0134, 0135, 0136,0137, 0613, 0811, 0812, 0813, 0814, 0821, 0822, 0823, 0911 e 1211.

Non figuran no ficheiro de contas de cotización:

- As contas dos réximes rematados en 40.
- As contas dos réximes 1911 (seguro escolar) e 3011 (asistencia sanitaria concertada).
- Códigos de conta de cotización con tipo de relación laboral (ver descrición da variable `tr1` do anexo 2) en: 75xx, 3xx, 905, 906, 909, 912, 913, 936, 970, 971, 972, 983, 984, 985.

Variables

A continuación detállanse os campos que se utilizan para depurar e explotar os ficheiros de afiliacións e contas de cotización da Seguridade Social.

Ficheiro de afiliacións en alta laboral

Número de afiliación. É o número que a Tesourería Xeral da Seguridade Social asigna ao traballador, sexa por conta allea ou propia, cando causa alta inicial na Seguridade Social. Ten carácter vitalicio e é único para o Sistema da Seguridade Social en todo o territorio nacional.

Identificador da persoa física. Ten unha lonxitude de 11 díxitos. O primeiro dígito deste campo indica o tipo de documento que presentou o afiliado: 1 (DNI), 2(pasaporte), 3(número de identificación de estranxeiro).

DNI: Axústase á dereita e complétase con 0 pola esquerda tendo en conta que o último carácter debe ser unha letra.

NIE. o número de identificación de estranxeiría axústase igual que o DNI tendo en conta que o primeiro e último carácter son letras.

Pasaporte. Axústanse á dereita e complétase con 0 pola esquerda.

¹ O tipo de relación laboral identifica a determinados grupo de afiliados con peculiaridades de cotización, por exemplo: contratos de aprendizaxe, funcionarios, interinos, ...

Nome e apelidos do afiliado. Nome e apelidos que figuran no ficheiro de persoas físicas da Seguridade Social.

Sexo. Sexo que figura no ficheiro de persoas físicas da Seguridade Social. Pode tomar os valores: 0 (non consta), 1 (homes) e 2 (mulleres).

Data de nacemento. Data de nacemento que figura no ficheiro de persoas físicas da Seguridade Social. Ten formato AAAAMMDD.

País de nacionalidade. Código do país de nacionalidade. Non se corresponde co código INE de países. A táboa actualizada cos códigos de países pódese consultar na documentación do [Sistema RED da Seguridade Social](#).

Normalización do domicilio. Campo que indica se o domicilio da persoa física que figura na base de datos está normalizado (valor 2), non normalizado (valor 1) ou reside no estranxeiro (valor 3).

Domicilio. Domicilio de residencia da persoa física que figura no ficheiro de persoas físicas da Seguridade Social. Para os domicilios normalizados, nas posicións 53-61 figura o código INE da localidade de residencia do afiliado. Este código de localidade non está depurado.

Réxime de afiliación. A estrutura do Sistema da Seguridade Social está integrada polo réxime xeral e o réximes especiais establecidos para algunhas actividades profesionais (ver descrición da variable `regimen` do anexo 1).

Réxime xeral: quedan incluídos no réxime xeral, entre outros:

- Os traballadores españois por conta allea da industria e dos servizos e asimilados que exerzan normalmente a súa actividade no territorio nacional.
- Os traballadores por conta allea e os socios traballadores de sociedades mercantís capitalistas, aínda que sexan membros do seu órgano de administración, no caso de que o desempeño deste cargo non leva consigo a realización das funcións de dirección e xerencia da sociedade nin posúan o seu control.
- Os socios traballadores de sociedades laborais.
- Os estranxeiros con permiso de residencia e de traballo en España que traballen por conta allea na industria e nos servizos e exerzan a súa actividade en territorio nacional. Os traballadores comunitarios non necesitan permiso de traballo.
- Persoal (funcionario ou laboral) da administración local.
- Os condutores de vehículos de turismo ao servizo de particulares.

- O persoal civil non funcionario, dependente dos organismos, servizos ou entidades do Estado.
- Laicos ou segrares que presten servizos retribuídos en institucións eclesiásticas.
- As persoas que presten servizos retribuídos en entidades ou institucións de carácter benéfico social.
- Persoal contratado ao servizo de notaría, rexistros da propiedade e demais oficinas ou centros similares.
- Funcionarios en prácticas que aspiren a incorporarse a corpos ou escalas de funcionarios que non estean suxeitos ao réxime de clases pasivas e os altos cargos das administracións públicas que non sexan funcionarios, así como os funcionarios de novo ingreso das comunidades autónomas.
- Funcionarios transferidos ás comunidades autónomas, que ingresen voluntariamente en corpos ou escalas propios da comunidade autónoma de destino. Persoal interino ao servizo da administración de xustiza.
- Representantes de comercio.
- Artistas.
- Profesionais taurinos.
- Os seguintes sistemas especiais:
 - o Traballadores fixos descontinuos de empresas de estudo de mercado e opinión pública.
 - o Traballadores fixos descontinuos de cines, salas de baile e de festa e discotecas.
 - o Manipulado e empaquetado de tomate fresco, realizado por colleiteiros e exportadores.
 - o Servizos extraordinarios de hostalería.
 - o Industria da resina.
 - o Froitas, hortalizas e industria de conservas vexetais.
 - o Agrario: con efecto o día 1 de xaneiro de 2012 os traballadores do réxime especial agrario (conta allea) inclúense dentro do réxime xeral da Seguridade Social, mediante a creación do sistema especial agrario.
 - o Empregados do fogar: desde o día 1 de xaneiro de 2012 os traballadores incluídos no réxime especial de empregados do fogar quedan integrados dentro do réxime xeral, mediante a creación do sistema especial para empregados do fogar.

Réxime especial de minería do carbón: están incluídos no réxime especial da minería do carbón os traballadores por conta allea que prestan os seus servizos a empresas que realicen as seguintes actividades relativas á minería do carbón:

- Extracción de carbón nas minas subterráneas.
- Explotación de carbón a ceo aberto.

- Investigacións e recoñecementos.
- Aproveitamento de carbóns e augas residuais con materias carbonosas.
- Escollido de carbón en vertedoiros de cascallo.
- Fabricación de aglomerados de carbón mineral.
- Fornos de produción de cok (con exclusión dos pertencentes á industria siderometalúrxica).
- Transportes fluviais de carbón.
- Actividades secundarias ou complementarias das anteriores.

Réxime especial autónomos: enténdese como traballador por conta propia ou autónomo, aquel que realiza de xeito habitual, persoal e directa unha actividade económica a título lucrativo, sen suxeición por ela a un contrato de traballo e aínda que utilice o servizo remunerado doutras persoas, sexa ou non titular dunha empresa individual ou familiar.

Presuporase, salvo proba do contrario, que o afiliado é un traballador por conta propia ou autónomo se ostenta a titularidade dun establecemento aberto ao público como propietario, arrendatario, usufrutuario ou outro concepto análogo.

En xaneiro de 2008 desapareceu o réxime especial agrario por conta propia e os seus afiliados integráronse no réxime especial de autónomos.

Réxime especial de traballadores do mar: están incluídos neste réxime:

- Traballadores por conta allea, retribuídos a salario ou á parte, empregados en calquera das actividades seguintes:
 - o Mariña mercante.
 - o Pesca marítima en calquera das súas modalidades.
 - o Extracción doutros produtos do mar.
 - o Tráfico interior de portos e embarcacións deportivas e de recreo.
 - o Traballos de carácter administrativo, técnico e subalterno das empresas dedicadas ás actividades anteriores.
 - o Traballo de estibadores portuarios.
 - o Servizo auxiliar sanitario e de fonda e cociña prestado aos emigrantes españois a bordo das embarcacións que os transportan.
 - o Persoal ao servizo das confrarías de pescadores e as súas federacións e das cooperativas do mar.
 - o Calquera outra actividade marítimo-pesqueira que a súa inclusión neste réxime sexa determinada polo Ministerio de Empleo y Seguridad Social
- Os armadores de embarcacións que sexan de máis de 10 toneladas ou leven enrolados máis de cinco tripulantes, se figuran no rol e perciben como retribución polo seu traballo unha participación no "Monte Menor" ou un salario como tripulante, quedan asimilados a traballadores por conta allea, salvo para os efectos de desemprego.

- Traballadores por conta propia que realizan de xeito habitual, persoal e directa, algunha das actividades que a continuación se enumeran, sempre que a mesma constitúa o seu medio fundamental de vida:
 - o Armadores de embarcacións que non excedan as 10 toneladas de rexistro bruto, non leven máis de cinco persoas enroladas incluído o armador, e nas que este vaia enrolado como técnico ou tripulante.
 - o Os que se dediquen á extracción de produtos do mar.
 - o Os redeiros que non realicen as súas faenas por conta dunha empresa pesqueira determinada.

Sistema especial agrario: é un sistema especial do réxime xeral no cal están incluídos os traballadores por conta allea que realizan labores agrícolas, forestais, pecuarias ou actividades auxiliares ou complementarias en explotacións agrarias, así como os empresarios aos que presten os seus servizos.

Con data o día 1 de xaneiro de 2012 os traballadores do réxime especial agrario (conta allea) inclúese dentro do réxime xeral da Seguridade Social, mediante a creación do sistema especial agrario.

Sistema especial de empregados do fogar: están incluídos neste sistema especial todos os traballadores que reúnan os seguintes requisitos:

- Ser maior de 16 anos.
- Que presten servizos exclusivamente domésticos para un ou varios titulares do fogar familiar, ou a un grupo de persoas, que sen constituír unha familia, convivan no mesmo fogar con tal carácter familiar.
- Que eses servizos sexan prestados na casa que habite o titular do fogar familiar e demais persoas que compoñen o fogar.
- Que perciba por este servizo un soldo ou remuneración de calquera clase que sexa.

Desde o día 1 de xaneiro de 2012 os traballadores incluídos no réxime especial de empregados do fogar quedaron integrados dentro do réxime xeral, mediante a creación do sistema especial para empregados do fogar. Esta integración afectou tanto aos traballadores que prestaban servizos con carácter fixo para un titular do fogar familiar, como aos denominados “descontinuos”, que traballaban para varios titulares de fogares familiares.

Estableceuse un período transitorio desde o 1 de xaneiro de 2012 ata o 30 de xuño de 2012, para que os empregadores e os traballadores procedentes do réxime especial da Seguridade Social de empregados do fogar, comunicasen á Tesourería Xeral da Seguridade Social o cumprimento das condicións esixidas para a súa inclusión no sistema especial de empregados do fogar.

Código da conta de cotización. Este campo indica o código da cotización na cal está integrado o afiliado. Só aparece gravado para os traballadores por conta allea. Para os traballadores por conta propia figurará 0000000000000000. Os catro primeiros díxitos corresponden ao réxime de afiliación, os dous seguintes á provincia da conta de cotización e os 9 últimos o número da conta. Este campo permite enlazar as táboas de afiliacións e contas de cotización.

Actividade económica. O ficheiro orixinal da Seguridade Social inclúe neste campo a desagregación da actividade económica a 4 díxitos da CNAE-2009 para os traballadores pertencentes ao réxime especial de autónomos e do réxime especial do mar por conta propia. Para os traballadores por conta allea, a actividade hai que importala do ficheiro de contas de cotización. É dicir, asígnaselle a actividade económica da conta de cotización na que están integrados.

Ficheiro de contas de cotización

Código da conta de cotización. Desde 2011 ven dividido en dous campos: por un lado o réxime de afiliación e por outro a provincia xunto cos nove díxitos da conta de cotización.

Código da conta de cotización principal. De todos os códigos de conta de cotización dun mesmo empregador, considérase principal a un deles, normalmente o que se rexistrou en primeiro lugar e secundarios os demais. Os códigos de cotización secundarios quedan vinculados ao principal para permitir agrupar, baixo unha única clave, todos os códigos de conta de cotización do mesmo empregador.

Identificador do empresario. Este campo ten unha lonxitude de 11 posicións. O primeiro dígito identifica o tipo de documento: 1 (NIF), 2 (Pasaporte) , 6 (NIE), 9 (CIF). O CIF e o NIF están axustados á dereita e énchense con zeros pola esquerda ata completar as 10 posicións restantes. No caso de ser un CIF, o primeiro carácter significativo é unha letra, mentres que o último pode ser unha letra ou un número.

Código de localidade. Os 5 primeiros díxitos identifican o municipio (código INE) onde está inscrita a conta de cotización.

Actividade económica. Indica a actividade económica principal á que se dedican os traballadores en alta na conta de cotización, desagregada a 4 díxitos da CNAE-2009.

Número de traballadores. Número total de traballadores (por conta allea) en situación de alta, na data de extracción dos datos, na conta de cotización. Este campo toma o valor 0 se a conta de cotización está en situación de baixa na data de extracción do ficheiro.

Situación da conta de cotización no momento de extracción do ficheiro. Pode tomar os valores A (Alta) e B (Baixa).

Data da situación. Data na que se modificou o campo de situación da conta de cotización. Ten formato AAAAMMDD.

Procesamento de datos

Remitente dos ficheiros e periodicidade

Desde o ano 2011, os primeiros días de cada trimestre, o IGE recibe a través dun cliente IFI os ficheiros de afiliacións e contas de cotización que remite a Tesourería Xeral da Seguridade Social. Ata o ano 2010 (inclusive), o envío era semestral.

O período de referencia dos datos é o último día de cada mes, excepto nos ficheiros dos tres primeiros trimestres de 2011. Para estes trimestres a data de referencia é: o día 6 de abril, o 6 de xullo e o 6 de outubro de 2011.

Almacenamento da información

No Servizo de informática encárganse de gardalos na base de datos Fontes (norosql) nas seguintes táboas:

Táboa	Contido
dbo.ssaf2000s1_t2	Afiliacións no réxime especial de autónomos desde 2000 ata xuño de 2008
dbo.ssaf2000s1_t3	Afiliacións no réxime especial agrario conta propia desde 2000 ata decembro de 2007
dbo.ssaf2000s1_t4	Afiliacións no réxime especial agrario conta allea (cotización do traballador) desde 2000 ata decembro de 2010
dbo.ssaf2000s1_t5	Afiliacións no réxime especial empregados do fogar (fixos) desde 2000 ata decembro de 2010
dbo.ssaf2000s1_t6	Afiliacións no réxime especial do mar conta propia desde 2000 ata decembro de 2010
dbo.ssaf2000s1_tA	Afiliacións no réxime especial empregados do fogar (descontinuos) desde xuño de 2004 ata decembro de 2009
dbo.ssaf2004s2_tA	Afiliacións no réxime especial empregados do fogar (descontinuos) de

	xuño e decembro de 2010
dbo.ssaf2006s2_t1	Afiliacións no réxime xeral de xuño de 2006 ata decembro de 2010
dbo.ssaf2006s2_t7	Afiliación no réxime especial de minería do carbón de xuño de 2006 ata decembro de 2010
dbo.ssaf2006s2_t8	Afiliacións no réxime especial do mar conta allea de xuño de 2006 ata decembro de 2010
dbo.ssaf2006s2_t9	Afiliación no réxime especial agrario conta allea (cotización da empresa) de xuño de 2006 ata decembro de 2010
dbo.ssaf2009s1_t2	Afiliacións no réxime especial de traballadores autónomos de decembro de 2008 a decembro de 2010
dbo.ssaf2011t2_	Afiliacións de todos os réximes desde marzo de 2011 en diante
dbo.ssc2000s2_	Contas de cotización de xuño de 2000 ata decembro de 2008
dbo.ssc2009s2_	Contas de cotización de xuño de 2009 ata decembro de 2010
dbo.ssc2011t2_	Contas de cotización de marzo de 2011 en diante

Todas estas táboas teñen un campo denominado `insertadocomoperiodo` que indica o período de referencia dos datos, aínda que non coincide exactamente co publicado na páxina web. Por exemplo:

- `insertadocomoperiodo='2014t2'` → Datos a 31 de marzo de 2014
- `insertadocomoperiodo='2014t3'` → Datos a 30 de xuño de 2014
- `insertadocomoperiodo='2014t4'` → Datos a 30 de setembro de 2014
- `insertadocomoperiodo='2015t1'` → Datos a 31 de decembro de 2014

Unha vez que os ficheiros de afiliacións e contas de cotización están introducidos en Fontes, cóllese unha copia do trimestre correspondente e gárdase en SQL na base de datos Difusion. Noméanse do seguinte xeito:

- Ficheiro de afiliacións: `dbo.Afi_AAAAMM` (p.ex. `dbo.Afi_201506`)
- Ficheiro de contas de cotización: `dbo.CCOT_AAAAMM` (p.ex. `dbo.CCOT_201506`)

Estes últimos ficheiros son os que se utilizan para cruzar co Padrón e para realizar a explotación estatística.

Deseño de rexistro

No anexo 1 e anexo 2 inclúese o deseño de rexistro das táboas `dbo.Afi_AAAAMM` e `dbo.CCOT_AAAAMM`, válido para todos os trimestres a partir de 2011.

Por outra banda, no Anexo 3 descríbese o deseño de rexistro do Padrón continuo do INE.

Depuración do municipio de residencia

Cando o campo `domicilio` do ficheiro de afiliacións está normalizado, o código da localidade (9 díxitos) pódese extraer deste campo (ver descrición do campo `domicilio` no anexo 1). O código do concello de residencia corresponderíase, en principio, cos 5 primeiros díxitos dese código. Nalgúns casos observáronse discrepancias entre este código de municipio e o literal da dirección gravado no mesmo campo. Para solucionar este problema optouse por cruzar o ficheiro de afiliacións co ficheiro do Padrón municipal do INE e asignar a cada afiliado o concello de residencia no que está empadroadado.

O esquema seguido para a depuración do concello de residencia do afiliado é o seguinte:

- En primeiro lugar creouse un campo na táboa de afiliacións co concello de residencia sen depurar, para aqueles rexistros nos cales o campo `domicilio` está normalizado.
- Fíxose unha primeira depuración a partir do código do municipio sen depurar, do código postal e do nome da localidade que figura no ficheiro de afiliacións. Esta depuración resulta de utilidade para todos aqueles rexistros que non se poden cruzar co Padrón.
- A partir do campo no que figura a identificación da persoa física (`ipf`) créase un novo campo chamado `identificador` que vai permitir cruzar os dous ficheiros. Para as persoas que teñen DNI o identificador será o número do DNI xunto coa letra de control (DDDDDDDDC), para os que teñen NIE os 9 últimos caracteres do campo `ipf` (CDDDDDDDC) e para os que presentaron o pasaporte cóllense os 10 últimos caracteres do campo `ipf`.
- Cada ficheiro de afiliacións crúzase coa base de datos do Padrón que teña a data de referencia máis próxima ao de afiliacións e que estea dispoñible no momento da difusión da operación.
- Dado que no ficheiro nominal do Padrón figuran rexistros co DNI duplicado ou cuberto con 00000000, créase unha copia onde figuren só rexistros con DNI (ou outro tipo de identificador) únicos. Este ficheiro sen duplicados é o que se utiliza para cruzar co ficheiro de afiliacións. Do mesmo xeito que no ficheiro de afiliacións, crease un campo `identificador` que teña a mesma estrutura para efectuar o cruce.
- O cruce realízase en varias etapas. En primeiro lugar esíxese que coincida o campo `identificador` e a data de nacemento. Para os que non cruzan, realízase un novo intento co campo `identificador` e o primeiro e segundo apelido. Observouse que nalgúns casos o cruce non se realizou dado que a pesar de existir coincidencia no número de identificación a letra de control non era a mesma. Optouse por relaxar este criterio xa que a letra de control se pode calcular en función dos números do DNI. Operando deste xeito cruzan o 97% dos rexistros de afiliacións (xuño de 2015). É dicir, queda un 3% de afiliacións para as que non é posible obter o concello de residencia a partir do Padrón. Isto pode ser debido a que estea mal gravado algún dos campos que

se utiliza para facer o cruce nas bases de datos ou ben que o afiliado teña fixada a súa residencia habitual fóra da Comunidade Autónoma de Galicia.

No 87,3% dos rexistros que cruzan co Padrón, o concello de residencia da Seguridade Social coincide co que se obtén do Padrón continuo.

- Finalmente, para os rexistros da táboa de afiliacións que non se poden cruzar co Padrón asígnaselles o concello de residencia que figura na base de datos da Seguridade Social (unha vez depurado co código postal e co nome da localidade).

Identificación da actividade económica

Como xa se indicou, actualmente o ficheiro de afiliacións que envía a Tesourería trae gravado a actividade económica para as afiliacións correspondentes ao réxime especial de autónomos (0521) e o réxime especial do mar por conta propia (0825). Para o réxime xeral, incluídos os sistemas especiais de empregados do fogar e agrario², o réxime especial do mar por conta allea e o réxime especial de minería do carbón, a actividade económica obtense da táboa de contas de cotización, enlazando as táboas de afiliacións e contas a través do código da conta de cotización. Tanto no ficheiro de afiliacións como de contas de cotización a actividade correspóndese coa desagregación a 4 díxitos da CNAE-2009. A partir destas variables creáronse dúas novas no ficheiro de afiliacións (dbo.Afi_AAAAMM) que recolle a actividade económica tanto para os traballadores por conta allea como por conta propia, unha coa desagregación a 4 díxitos e outra a dous díxitos.

Antes da integración do réxime especial de empregados do fogar e do agrario por conta allea no réxime xeral, non figuraba a actividade para estes réximes polo que se asignaban os primeiros á cnae 97 e os segundos á cnae 01.

Depuración do sexo e da idade

Non se realiza ningún proceso de depuración nas variables sexo e idade do ficheiro de afiliacións. Sería posible facer unha comparación entre a información da base de datos de afiliacións e do Padrón pero optouse por conservar as que veñen orixinalmente no ficheiro de afiliacións. Unicamente se fai unha imputación manual do sexo para os rexistros que non veñen cubertos (adoitan ser menos de cinco casos por trimestre). Esta imputación faise en función do nome do afiliado que figura na táboa da Seguridade Social.

Programas utilizados

² Para as afiliacións no réxime 0161 (sistema especial agrario do réxime xeral en situación de inactividade) non figura a actividade económica.

A depuración do concello de residencia, asignación da cnae e calculo doutras variables auxiliares (como o grupo de idade) faise mediante consultas en SQL Server.

A explotación propiamente dita para a difusión de táboas na páxina web realizase mediante programas en R.

Deseño da explotación dos datos do rexistro

Ámbitos de investigación

A explotación do rexistro administrativo realizase trimestralmente. A data de referencia dos datos é o último día de cada trimestre, excepto para os datos de 2011³.

Publícanse datos de traballadores afiliados á Seguridade Social en alta laboral residentes en Galicia e adscritos a unha conta de cotización da comunidade autónoma (para os traballadores por conta allea).

A explotación e difusión da operación estatística estrutúrase en dúas partes:

- Datos de traballadores afiliados á Seguridade Social segundo o concello de residencia e outras variables demográficas básicas (sexo, idade e nacionalidade).
- Datos de afiliacións á Seguridade Social en alta laboral segundo o concello de residencia do afiliado, características do emprego (régime de afiliación e sector de actividade) e variables demográficas.

Reconto das afiliacións en alta laboral

Como xa se indicou no apartado de variables estatísticas, o ficheiro de afiliacións conta cun rexistro por cada afiliación no sistema da Seguridade Social.

A partir do 1 de xaneiro de 2012 os traballadores do réxime especial de empregados do fogar quedaron integrados no réxime xeral, mediante a creación do sistema especial para empregados do fogar. O xeito de contabilizar as afiliacións para os empregados do fogar cambia a partir dese momento. Mentres que para o resto de réximes se contabiliza o número de afiliacións, para o réxime do fogar cóntanse o número de traballadores distintos en cada réxime (0138,1221,1211). A partir do mes de decembro de 2013 (inclusive) só aparecen traballadores do fogar no réxime 0138, polo que para o sistema especial de empregados do fogar pasan a

³ As datas de referencia dos datos dos tres primeiros trimestres do ano 2011 son: 6 de abril, 6 de xullo e 6 de outubro de 2011.

contabilizarse o número de traballadores distintos no réxime 0138. Faise deste xeito para que os datos coincidan cos facilitados polo Ministerio de Empleo y Seguridad Social.

Por exemplo, segundo os datos facilitados polo ministerio, en xuño de 2015 (datos a últimos día do mes) había 27.534 afiliacións no réxime especial de empregados do fogar en Galicia. Na base de datos de afiliacións que envía a tesourería nesta mesma data figuran 34.435 rexistros (afiliacións) no réxime 0138. Non obstante, ao contar número de afiliados (distintos números de afiliación) saen un total de 27.540 persoas afiliadas neste réxime.

Por outra banda, os traballadores por conta allea do sistema especial agrario (0161) poden estar en situación de actividade laboral ou de inactividade durante o período de inscrición. Para os que teñan actividade figurará tamén outro rexistro coa clave de cotización 0163. Durante os períodos de inactividade é o propio traballador o responsable da obriga de cotizar e do ingreso das cotas correspondentes. Para contabilizar as afiliacións neste sistema especial de cotización, cóntanse por unha parte todos os rexistros con `regimen` 0163 e engádense as afiliacións no réxime 0161 para os que non figura un rexistro coa clave 0163.

Reconto dos traballadores afiliados

O número de afiliación (campo `na` da táboa de afiliados) ten carácter vitalicio e é único para o sistema da Seguridade Social en todo o territorio nacional. Este é o campo que se utiliza para contabilizar o número de traballadores afiliados á Seguridade Social. Os rexistros da táboa de afiliacións que teñan o mesmo número de afiliación corresponden á mesma persoa.

Variables resultado da explotación

A continuación faise unha pequena descrición das variables derivadas obtidas como resultado da explotación estatística.

Réxime de afiliación. Indica o réxime de afiliación no que está inscrito o traballador. As afiliacións do sistema especial de empregados do fogar e do sistema especial de traballadores agrarios publícanse por separado do réxime xeral para poder establecer comparacións cos datos anteriores ao ano 2012.

Obtense a partir da variable `regimen` da táboa de afiliacións e pode tomar os seguintes valores:

- Réxime xeral e minería do carbón. Inclúe as afiliacións dos seguintes réximes: 0111, 0112, 0121, 0132, 0140 e 0911.
- Réxime especial de autónomos. Réxime 0521.

- Réxime especial agrario. Réximes 0161 e 0163 desde xaneiro de 2012 e 0611 e 0613 para datos de 2011.
- Réxime especial do mar. Réximes 0811, 0812, 0813, 0814, 0821, 0822, 0823 e 0825.
- Réxime especial de empregados do fogar. Réxime 0138 desde 2012 en diante e 1221 e 1211 para os datos de 2012 e anteriores. Durante o ano 2012 conviven os tres réximes de afiliación.

Para os anos anteriores a 2011 no ficheiro de afiliacións non figuraba o réxime de afiliación a tres díxitos, polo que o réxime de afiliación se obtiña a partir da variable `tipo` que podía tomar os seguintes valores:

- 1: réxime xeral
- 2: réxime especial de traballadores autónomos
- 3: réxime especial agrario por conta propia (desaparece en xaneiro de 2008 e os seus afiliados intégranse no réxime de autónomos)
- 4: réxime especial agrario por conta allea (cotización do traballador)
- 5: réxime especial de empregados do fogar fixos
- 6: réxime especial do mar por conta propia
- 7: réxime especial de minería do carbón
- 8: réxime especial do mar por conta allea
- 9: réxime especial agrario por conta allea (cotización da empresa)
- A: réxime especial de empregados do fogar (descontinuos)

Sector de actividade

Publícanse os seguintes sectores de actividade, obtidos a partir da `cnae` a 2 díxitos (ver apartado de procesamento de datos).

- Agricultura e pesca
- Industria
- Construción
- Servizos

Difusión de resultados

Os resultados desta operación estatística publícanse en:

http://www.ige.eu/web/mostrar_actividade_estadistica.jsp?idioma=gl&codigo=0204025

Afiliados á Seguridade Social en alta laboral

- Afiliados á Seguridade Social en alta laboral segundo o concello de residencia, o sexo e a idade (7133)

- Afiliados á Seguridade Social en alta laboral segundo o concello de residencia, o sexo e a nacionalidade (7134)
- Cociente entre o número de afiliados en alta laboral e o paro rexistrado (por cen) (7135)

Afiliacións á Seguridade Social en alta laboral

- Datos trimestrais desde 2011
 - Afiliacións á Seguridade Social en alta laboral segundo o concello de residencia do afiliado, sexo e grupos de idade (4555)
 - Afiliacións á Seguridade Social en alta laboral segundo o concello de residencia do afiliado e o réxime de afiliación (4556)
 - Afiliacións á Seguridade Social en alta laboral segundo o concello de residencia do afiliado e o sector de actividade (CNAE-2009) (4557)
 - Porcentaxe de afiliacións á Seguridade Social en alta laboral segundo o concello de residencia do afiliado e o sector de actividade (6718)
- Datos semestrais ata decembro de 2010
 - Afiliacións á Seguridade Social en alta laboral segundo o concello de residencia do afiliado, sexo e grupos de idade (3421)
 - Afiliacións á Seguridade Social en alta laboral segundo o concello de residencia do afiliado e o réxime (3422)
 - Afiliacións á Seguridade Social en alta laboral segundo o concello de residencia do afiliado e o sector de actividade (CNAE-2009) (3423)

Anexos

Na documentación do [Sistema RED da Seguridade Social](#) está dispoñible información actualizada sobre os posibles valores que poden tomar algunhas das variables incluídas nas bases de datos de afiliacións e contas de cotización.

Anexo 1 : deseño de rexistro do ficheiro de afiliacións dbo.Afi_AAAAMM (datos trimestrais desde 2011)

CAMPO	DESCRICIÓN
VARIABLES ORIXINAIS	
na	Número de afiliación
ipf	Identificador da persoa física
